



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

ACTA DA COMISIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS CELEBRADA O 13-01-2021

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 10:00 horas do día 13 de xaneiro de 2021, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, previa a súa convocatoria a Comisión Informativa de Asuntos Xerais cos seguintes asistentes:

ASISTENTES:

PRESIDENTE

D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

SRES. CONCELLEIROS

GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG-PSOE

D. FAUSTINO SANTIAGO LEMA
D. SALVADOR EIROA AMEIJENDA
D^a. ANA PÉREZ IMIA

GRUPO MUNICIPAL PP:

D. JESÚS DANIEL GARCÍA COTELO

GRUPO MUNICIPAL APIN:

D. JOSÉ MANUEL POSE VERDES

SECRETARIA: D^a. ANTÍA PENA DORADO

INTERVENTOR: D^a LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

AUSENTES:

SRES. CONCELLEIROS

GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG-PSOE

-

GRUPO MUNICIPAL PP:

D^a. MARTA MARÍA CARRILLO AGUIAR

GRUPO MUNICIPAL APIN:

-

Co quórum establecido polas disposicións vixentes, o alcalde declara aberta a sesión, para tratar e ditaminar os seguintes asuntos que compoñen o orde do día:

1º.- Comisión Informativa de Asuntos Xerais (10:00)

1.1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

Por parte da Alcaldía indícase a razón da urxencia da celebración deste Comisión Informativa extraordinaria urxente conforme o establecido no punto primeiro da orde do día e a necesidade de ratificar a mesma para poder continuar coa sesión.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

O señor Pose Verdes non entende a urxencia da sesión de hoxe, esto tense que aprobar nun pleno ordinario, e había tempo de convocar coa antelación debida e non con menos de 24 horas.

O Sr alcalde insiste que a urxencia ven motivada por a necesidade de concretar os proxectos para poder redactalos, informar os técnicos, informar acerca da dispoñibilidade, e afeccións sectoriais.

O Sr. Pose Verdes reitera que o POS xa saiu en novembro e que o Alcalde tivo tempo de sobra de facer esta reunión, dado que en decembro levou a Comisión informativa unha serie de memorias que despois non se incluíron no pleno de decembro e non se debateron.

O Sr. Alcalde recalca a importancia desta reunión para fixar as obras e aprobar o POS, dado que os prazos legais son moi xustos, posto que remata o 5 de febreiro de 2021.

O voceiro do PP, Sr García Cotelo, indica que concorda con APIN, e di que igual había que ter unha reunión para tratar as propostas do POS e igual hai que ser máis claros, para chegar a un consenso.

O Sr Alcalde insiste que as decisións sobre as obras é importante que sexa agora.

O PP defende que dentro de 3 días se celebre outra comisión e nesa reunión, convocada con tempo suficiente e traerán proposta de obras do POS.

O Sr Alcalde insiste na importancia de determinar polo menos as porcentaxes do POS, non existindo acordo co resto do membros que insisten na necesidade de facer outra comisión o martes día 12 ás 13.00.

Continúa un breve debate no que non acercan posicións, polo que non habendo consenso, sométese a votación a urxencia, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 1 PSOE (Xosé Lois García Carballido)

Votos en contra: --5, (3 PSOE (Faustino Santiago Lema, Salvador Eiroa Ameijenda, Ana Pérez Imia), 1 PP e 1 APIN

Abstencións: -

Polo que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, non aproba a urxencia e levántase a sesión.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 10:26h horas do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta que asinan conxuntamente o alcalde e a secretaria.

O Alcalde

A Secretaria

D. Xosé Lois Garcia Carballido

Dª Antía Pena Dorado